

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de maio de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D^a. Lucía Molares Pérez
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día nove de maio de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. López-Chaves Castro, constitúese á Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral, Sra. Guarner González, e o Titular da asesoría xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(458).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión 09.05.05. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(459).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 148/2004 INTERPOSTO POR ALIANZA Y BARROS, S.A. CONTRA RESOLUCIÓN DE 12.11.03, DESESTIMATORIA DO REC. REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA SANCIÓN POR REALIZAR ACTIVIDADE FUNERARIA SEN TER AUTORIZACIÓN. (EXPTE. 5479/255). DESESTIMADO.

Dase conta da sentenza de data 22.03.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por ALIANZA Y BARROS, S.A. fronte a resolución do 12 de novembro de 2003 dictada no expediente sancionador 5.479/255-03, ao considerala autora dunha infracción do artigo 22.4h) da Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no término municipal de Vigo clandestinamente sen contar coa licenza ou autorización no seu caso que esixe a Ordenanza no seu artigo 5, acto que declaro conforme o Dereito, sen pronunciamento de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento municipal de Cemiterios.

3(460).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 320/2003 INTERPOSTO POLA SOCIEDAD ESTATAL DE ESTIBA Y DESESTIBA DE BUQUES DEL PUERTO DE VIGO ACORDO DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE ECONOMÍA E FACENDA DO 15.10.03 DESESTIMATORIO O REC. REPOSICIÓN CONTRA LIQUIDACIÓN DO IBI 2003 (EXPTE. 23447/512). DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 09.03.05, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia que dispón o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter ao avogado D. Jose Ramón Costas Alonso en nome e representación de S. Estatal Estiba y Deses, Buques Pt. Vigo, por desestida na prosecución do presente procedemento. Con custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

4(461).- AUTO DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4992/2003 INTERPOSTO POR APARCAMIENTO GENARO DE LA FUENTE, S.L. ACORDO PLENARIO 28.04.03 DESESTIMATORIO DE REC. REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DO 29.10.01 QUE APROBA O CONVENIO MARCO ENTRE O CONCELLO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE APARCADOIROS NA CIDADE (EXPTE. 234/01). DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 24.02.05, dictado pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Aceptar o desestimento do presente recurso realizado pola recorrente APARCAMIENTO GENARO DE LA FUENTE, S.L., e declarar rematado o procedemento. Proceder o arquivo dos autos e á devolución do expediente administrativo ao órgano de procedencia. Sen custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

5(462).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO “SECRETARIADO GENERAL GITANO” PARA A INTERVENCIÓN SOCIAL COA POBOACIÓN XITANA DE VIGO. EXPTE 11349/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.04.05, e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 12.04.05, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, a delegada de Área de Participación Cidadá e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do convenio de colaboración con Fundación Secretariado General Gitano para a "Execución de proxectos de intervención social integral para a atención - prevención da marxinação e inserción do pobo xitano e cigano que reside na cidade" coa realización dos programas que figuran no anexo do mesmo que terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro do ano 2006.

A contribución económica, do Concello para o ano 2005 será de sesenta e cinco mil douscentos euros (65.200.-€) co cargo da partida nº 3130-2260800. E de noventa e oito mil trece euros (98.013 €) para o ano 2006.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GENERAL GITANO PARA A INTERVENCIÓN SOCIAL INTEGRAL PARA A ATENCIÓN, PREVENCIÓN DA MARXINACIÓN E INSERCIÓN DO POBO XITANO E A MINORÍA CIGANA

En Vigo , a ... de de 2005

INTERVEÑEN:

Ilustrísima señora Dona. Corina Porro Martínez Alcaldesa do Exmo Concello de Vigo, nomeada na sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, en representación do mesmo, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Doutra parte, D. Pedro Ponte Fernández, na súa calidade de Presidente da Fundación Secretariado Xeneral Xitano, nomeado en Asemblea Xeral Ordinaria, o 3 de xullo de 2001. A Fundación Secretariado Xeneral Xitano ten como fin fundamental a promoción integral da comunidade desde o recoñecemento da súa identidade cultural.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convir e obrigarase no nome das institucións e ámbitos que representan.

MANIFESTAN:

Primeiro.- Que a Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25 a posibilidade de que todos os Concellos exerzan a "prestación de Servicios Sociais e de Promoción e Inserción Social", sendo competencia de obrigado exercicio para todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Segundo.- Que a Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servicios Sociais, establece como áreas de actuación, dentro dos servicios sociais de atención primaria de competencia municipal, entre outras as das minorías étnicas, sinalando entre os seus obxectivos a realización de programas de inserción social de grupos con problemáticas de marxinação e de exclusión social.

Terceiro.- Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de actividades, concretadas segundo determina o artigo 87 da citada Lei 7/1985, e recoñece o artigo 3 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais, que apoia a iniciativa social.

Cuarto.- Que o emprego é a mellor e mais segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu orzamento, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo polo que o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Xeneral Xitano estableceron xa un convenio de colaboración, que ven renovándose desde abril de 2001. A Fundación Secretariado Xeneral Xitano é a encargada de xestionar as actuacións dirixidas á poboación xitana a través do Programa Operativo Plurirrexional de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo 2000-2006, no que se enmarcan as actuacións obxecto de dito convenio.

Quinto.- Que as dúas partes conveñen na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plano de Acción para o Emprego do Reino de España, do Plano Nacional de Acción para a Inclusión Social, as recollidas no Plano Galego de Inclusión Social 2001-2006 da Xunta de Galicia, así como as que constitúen o Plan Nacional de Desenvolvemento Xitano que ten a súa concreción no Plano de Desenvolvemento Xitano de Galicia.

Sexto.- Que o convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Xeneral Xitano queda fora do ámbito do Decreto 2/2000, de 16 de xuño, da Lei de Contratos das Administracións Públicas, por figurar excluído no artigo 3 da citada Lei.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarias da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, lembran subscribir o presente Convenio de Colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- O presente Convenio ten como obxecto fixar os termos da colaboración entre os asinantes para o desenvolvemento dunha intervención social integral para a atención, prevención da marxinação e inserción do Pobo Xitano e da minoría cigana no termo municipal mediante a execución das actividades e servizos que se describen a continuación na cláusula terceira.

Segunda.- A Fundación Secretariado Xeneral Xitano se compromete a prestar os servizos e desenvolver os proxectos e actividades obxecto do presente convenio axustándose ós criterios de responsabilidade social, coherencia, transparencia e calidade que son esixibles en todo momento, estando obrigada ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como a correspondente cobertura de Responsabilidade Civil.

Terceira.- A Fundación Secretariado Xeneral Xitano, no marco do Programa de Intervención Social Integral do Pobo Xitano e a minoría Cigana, desenvolverá as seguintes actuacións:

- Mantemento de 2 servizos de atención social diferenciados por comunidades coa funcionalidade de realización da acollida, orientación, acompañamento e acceso ós recursos sociais normalizados. Estes servizos poderán ser ubicados, no seu momento, nun Centro Municipal disposto para tal fin.
- Establecemento de medidas de atención individualizada con aquelas persoas e familias que pola súa particular situación de desestructuración relacional e exclusión social así o requiran.
- Desenvolvemento dunha serie de actuacións encamiñadas á plena normalización educativa da poboación xitana, especialmente da que está en idade de escolarización obrigatoria.
- Realización de actividades de carácter educativo destinadas a favorecer un lecer educativo entre os menores, que reforce a súa participación social, mellore o seu currículo escolar e preveña a marxinação social e os comportamentos autodestructivos.

Para o desenvolvemento destes servizos e proxectos a Fundación Secretariado Xeneral Xitano se compromete a dotarse do persoal técnico necesario, que acredite suficiente preparación e experiencia para a xestión dos mesmos.

Cuarta.- O presente convenio estará vixente desde o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2006, sendo causa de rescisión o incumprimento das cláusulas do mesmo, previo informe da Comisión de Seguimento.

Quinta.- A dotación económica para a execución dos proxectos e servizos obxecto deste convenio, será aportada polo Concello de Vigo, que se reserva a facultade de solicitar para iso as axudas que estime oportunas, axustándose ó principio de adicionalidade.

Se sinala como dotación económica para o ano 2005 a cantidade de sesenta e cinco mil douscentos euros (65.200.-€) co cargo da partida nº 3130-2260800.

O pago de dito importe será realizado do seguinte modo:

- O 50% do importe total anual á sinatura do presente convenio,
- Un 25% adicional no mes de xullo.
- O 25% restante a final do ano, contra a xustificación do total do gasto.

Os pagos se realizarán contra certificación dos departamentos de Benestar Social na que se faga constar que o programa estase a realizar coas condicións estipuladas na memoria adxunta.

Para o ano 2006, a aportación económica ao convenio será de 98.013 €, que serán aboados da mesma maneira que o ano anterior.

Sexta.- A Fundación do Secretariado Xeral Xitano, con suxeición á normativa aplicable e ós termos dos convenios e instrumentos que ó efecto se subscriban, desenvolverá estes proxectos e servizos, obrigándose ó estrito cumprimento das instrucións do Concello de Vigo.

Sétima.- Se como consecuencia do convenio que poda subscribir o Concello de Vigo coa Xunta de Galicia se acordase a supervisión desta sobre os servizos, proxectos e actividades comprometidos neste acordo, actuarase en todo conforme ás condicións que adicionalmente sinala a Xunta de Galicia.

Oitava.- Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas ou interpretacións do convenio, se creará unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ó respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- a) A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio. A elaboración e execución efectiva das propostas será obxecto da competente supervisión por parte do Concello de Vigo.
- b) A determinación dos obxectivos do plano anual de traballo.
- c) A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.
- d) Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento estará integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e tendo que reunirse, alomenos, catro veces ó ano.

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Novena.- Con carácter trimestral, a Fundación Secretariado Xeral Xitano presentará un informe detallado da actividade de cada proxecto e servizo integrado dentro deste convenio. Ditos informes son preceptivos para poder visar, por parte do funcionario encargado da supervisión dos proxectos, o certificado de finalización das actividades e cumprimento dos obxectivos de convenio.

Os grupos de traballo que se establezan para o adecuado seguimento deste convenio poderán afondar no contido de ditos informes de actividade, servíndose dos mesmos para realizar os cambios que se consideren oportunos con vistas á mellora continua da calidade dos servizos e proxectos que se desenvolven ó amparo deste convenio.

A Fundación Secretariado Xeneral Xitano se compromete a que, ó finalizar o presente exercicio, no mes de decembro, remitirá unha memoria completa das actividades, así como un cadro dos datos estatísticos xerados polo proxecto.

Décima.- As accións que se executen no desenvolvemento establecido no presente Convenio de Colaboración, se axustarán en todo momento ós requirimentos, condicións, prazos legais e regulamentación en xeral contidos na normativa que resulte aplicable en función da materia.

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal se axustarán ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Regulamentación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal.

Undécima.- As partes establecerán iniciativas de divulgación e difusión dos contidos deste Convenio ás actuacións que se desenvolvan no marco do mesmo, co obxecto de garantir o maior grado de coñecemento destes proxectos pola sociedade e, en particular, polos propios interesados. A identificación destes proxectos levarase a cabo de forma que a identidade corporativa dos asinantes se respete en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte dos usuarios da mesma e por parte da cidadanía en xeral. Asimesmo, deixarase constancia da participación do Fondo Social Europeo, naquelas accións que sexan financiadas, en todo ou en parte, por este Fondo Estructural, a tenor do disposto na Decisión da Comisión das Comunidades Europeas de 21 de marzo de 1999.

As partes, en proba da súa conformidade, asinan o presente Convenio de Colaboración, en triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezado.

6(463).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE 14/1088/05, 12/1022/05, 23/896.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta do Xefe de Sector de Acción Social, conformados pola Delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a Rita Rodríguez Martínez. Expte. 14/1088
- D^a Josefa Andreu Ojeda. Expte.1022/12
- D^a Ramona Fernández González. Expte. 23/896

7(464).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN, GASTO MENOR, REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA EN ABRIL DE 2005. EXPTE. 8915/331.

En cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto, mediante escrito do 2.05.05, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, Ignacio López-Chaves Castro, da conta á Xunta Local de Goberno dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura no mes de abril de 2005, e que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: CULTURA FUNCIONAL: 4510

<i>CONCEPTO.- Subministro de trípticos para a Semana Santa da Parroquia do Divino Salvador de Teis.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8818/331	18/03/05	2260200	13478	696,00 euros	Celso Comesaña Abalde (NIF: 36072980-X)

<i>CONCEPTO.- Producción da obra de teatro “El Color de Agosto”.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8827/331	29/03/05	2260803	14334	600,00 euros	Asociación Hoy por Mañana (CIF: G-36806917)

<i>CONCEPTO.- Reparación do sistema de seguridade na Casa das Artes.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8849/331	05/04/05	2130000	15650	2.809,35 euros	Securitas Seguridad España S.A. (CIF: A-79252219)

<i>CONCEPTO.- Contratación do concerto de Dido e Eneas de Purcell para o Ciclo de Música Xeración 2000+5.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8860/331	12/04/05	2260803	18450	3.828,00 euros	Jenios Organización de Conciertos S.L. (CIF: B-36921658)

<i>CONCEPTO.- Contratación da produción de material gráfico para o Ciclo de Música Xeración 2000+5.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8861/331	12/04/05	2260200	18449	3.217,84 euros	Canal Uno de Comunicación S.L. (CIF: B-36723450)

<i>CONCEPTO.- Contratación do concerto do grupo Ensemble Lisboa-Piazzolla para o Ciclo de Música Xeración 2000+5.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8862/331	12/04/05	2260803	18456	2.088,00 euros	Alejandro Arnaiz Méndez (NIF: 36074726-P)

<i>CONCEPTO.- Producción e instalación de lonas para a Casa das Artes.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8864/331	14/04/05	2260200	19468	1.450,00 euros	Canal Uno de Comunicación S.L. (CIF: B-36723450)

<i>CONCEPTO.- Deseño de diversos elementos para a promoción dos museos de Vigo.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8865/331	14/04/05	2270601	17552	2.500,00 euros	Juan Gallego Estudio Gráfico (CIF: A-33278634)

<i>CONCEPTO.- Contratación do concerto de Julia Estévez e Rasa Jakutite para o Ciclo de Música Xeración 2000+5.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8870/331	18/04/05	2260803	18461	928,00 euros	Jenios Organización de Conciertos S.L. (CIF: B-36921658)

<i>CONCEPTO.- Contratación do concerto do pianista Raúl Santos para o Ciclo de Música Xeración 2000+5.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8871/331	18/04/05	2260803	18462	906,42 euros	Jenios Organización de Conciertos S.L. (CIF: B-36921658)

<i>CONCEPTO.- Contratación do concerto do Ensemble Vigo 430 para o Ciclo de Música Xeración 2000+5.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8872/331	18/04/05	2260803	18463	2.683,70 euros	Alejandro Arnaiz Méndez (NIF: 36074726-P)

<i>CONCEPTO.- Contratación do concerto do Cuarteto de Cordas da Real Filarmonía de Galicia para o Ciclo de Música Xeración 2000+5.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8873/331	18/04/05	2260803	18471	1.276,00 euros	Alejandro Arnaiz Méndez (NIF: 36074726-P)

<i>CONCEPTO.- Contratación da produción de material gráfico para o Ciclo Teatral Vigo a Escena 2005.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8874/331	18/04/05	2260200	18447	6.931,00 euros	Canal Uno de Comunicación S.L. (CIF: B-36723450)

<i>CONCEPTO.- Contratación do patrocinio publicitario do Festival Premios Veo-Veo Galicia 2005.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8874/331	20/04/05	2260200	19214	6.960,00 euros	Producciones Kulturalia 2000 S.L. (CIF: B-81705501)

<i>CONCEPTO.- Contratación do patrocinio publicitario do certame de rock universitario “Campusons”.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8887/331	21/04/05	2260200	19461	6.960,00 euros	Sons Galiza Comunicación S.L. (CIF: B-27193093)

<i>CONCEPTO.- Contratación de patrocinio publicitario do primeiro encontro “Isto Ferve 2005”.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8890/331	21/04/05	2260200	19467	3.480,00 euros	Teatro Ensalle (CIF: B-36920247)

<i>CONCEPTO.- Difusión do ciclo “Polos Mares de Galicia” (Ámbitos de Galicia 2005).</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8891/331	22/04/05	2260200	19514	2.262,00 euros	Canal Uno de Comunicación S.L. (CIF: B-36723450)

CONCEPTO.- Contratación do concerto do Quinteto de Vento “Pentafonía” para o Ciclo de Música Xeración 2000+5.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8894/331	22/04/05	2260803	19382	1.081,82 euros	Quinteto de Vento Pentafonía (CIF: G-36354967)

CONCEPTO.- Contratación do concerto do Ensemble Música Doméstica para o Ciclo de Música Xeración 2000+5.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8895/331	22/04/05	2260803	19409	2.151,63 euros	Luis Lupiáñez Martín (NIF: 02166009-F)

CONCEPTO.- Organización do ciclo “Polos Mares de Galicia” (Ámbitos de Galicia 2005).					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8898/331	22/04/05	2270600	19516	11.716,00 euros	Phiccións Sociedade Cooperativa Galega (CIF: F-36930477)

CONCEPTO.- Contratación do concerto da soprano Pilar Moráquez e o pianista Arabal Moráquez para o Ciclo de Música Xeración 2000+5.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8899/331	25/04/05	2260803	19446	1.160,00 euros	Pilar Moráquez Garcell (CIF: X-3308244-Q)

A Xunta de Goberno local queda enterada.

8(465).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DO LIBRO “ARQUITECTURA RACIONALISTA EN VIGO” EXPTE. 8910/331.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 27.04.05, que di o seguinte:

A Concelleira da Área de Asuntos Sociais, a traves do departamento de Cultura, edita o libro “Ámbitos de Galicia”. Este libro ten un custe total de 17.587 € (Organización y presentación del ciclo de conferencias con Phiccions : 12.000 €; deseño e impresión do libro con Canal Uno de Comunicacines: 5.587 €), para unha tirada de 750 exemplares, i.v.e. incluído, co que o custe total unitario máximo e de 23 euros 45 céntimos.

Co obxecto de recuperar parte do investimento feito na edición deste libro e, o mesmo tempo aumenta-la difusión do ciclo de conferencias “Ámbitos de Galicia”, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais resolveu a apertura do expediente de venda ó público correspondente conforme á ordeanza municipal correspondente.

Segundo dispón a ordeanza reguladora dos prezos de venda ó público de publicacións, o valor de venda ó público de cada exemplar do mesmo oscilará entre un mínimo dun 50% e un máximo dun 100% do seu prezo de custe, impostos incluídos. Según isto, resulta un prezo mínimo e máximo para esta publicación de 11,72 € e 23,45 € respectivamente. O prezo medio de venda aconséllase podería ser de 12 €, impostos incluídos.

Do total dos 750 libros que se encargaron, considérase de interese poñer a venda pública un total de 200, entréganse 300 a Fundación Caixa Galicia por ser a entidade colaboradora na edición do mesmo e reservanse 250 para necesidades protocolarias do concello e intercambio de publicacións con outras entidades.

Á vista do citado, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, faise á Comisión de Goberno a seguinte

PROPOSTA.-

"1. Poñer á venda 200 libros, dos 750 editados do libro Ámbitos de Galicia, a un prezo unitario de venda ó público de doce (12) EUROS.-, I.V.E. engadido, reservando 300 para a Fundación Caixa Galicia por ser a entidade colaboradora na edición e 250 para as necesidades protocolarias e de intercambio de publicacións con outras entidades.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(466).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DO LIBRO “ÁMBITOS DE GALICIA”. EXPTE. 8911/331.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 27.04.05, que di o seguinte:

A Concelleira da Área de Asuntos Sociais edita o libro “Arte Racionalista en Vigo” de José Varela Alén, con textos e fotografías seleccionadas. Este libro ten un custe total de 29.505,96 € (Autor: produción de textos, documentación, relaboración de planos: 11.994 €; deseño e impresión do libro con Canal Uno de Comunicaciones: 13.185,16 €; fotografías con Manuel González Vicente: 4.326,80 €), para unha tirada de 1.000 exemplares, i.v.e. incluído, co que o custe total unitario máximo e de 29 euros 51 céntimos.

Co obxecto de recuperar para do investimento feito na edición deste libro e, o mesmo tempo aumenta-la súa difusión, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais resolveu a apertura do expediente de venda ó público correspondente conforme á ordeanza municipal correspondente.

Segundo dispón a ordeanza reguladora dos prezos de venda ó público de publicacións, o valor de venda ó público de cada exemplar do mesmo oscilará entre un mínimo dun 50% e un máximo dun 100% do seu prezo de custe, impostos incluídos. Según isto, resulta un prezo mínimo e máximo para esta publicación de 14,75 € e 29,51 € respectivamente. O prezo medio de venda aconséllase podería ser de 20 €, impostos incluídos.

Do total dos 1.000 libros que se encargaron, considérase de interese poñer a venda pública un total de 300, entréganse 500 a Fundación Caixa Galicia por ser a entidade colaboradora na edición do mesmo e reservanse 200 para necesidades protocolarias do concello e intercambio de publicacións con outras entidades.

Á vista do citado, seguindo instruccións do Xefe do departamento de Cultura faise á Comisión de Goberno a seguinte

PROPOSTA.-

"1. Poñer á venda 300 libros, dos 1.000 editados do libro Arte Racionalista en Vigo, a un prezo unitario de venda ó público de vinte (20) EUROS.-, I.V.E. engadido, reservando 500 para a Fundación Caixa Galicia por ser a entidade colaboradora na edición e 200 para as necesidades protocolarias e de intercambio de publicacións con outras entidades.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(467).-SOLICITUDE DO CLUB TRIATLÓN DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A PROBA PARA ATLETAS FEDERADOS “VI DUATLÓN RECONQUISTA DE VIGO” NA ZONA DE BOUZAS E NA CIRCUNVALACIÓN CASTRELOS-BOUZAS O 21.05.05. EXPTE. 5216/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Club Triatlón Vigo e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.04.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o club Triatlón Vigo a organizar o vindeiro día 21 de maio de 2005 a proba deportiva para atletas federados V Duatlón Reconquista de Vigo. Esta carreira esta previsto que se desenvolva na zona de Bouzas a carreira a pé e na Circunvalación Castrelos-Bouzas a carreira en bicicleta, ente as 17:00 h e as 19:00 h.

11(468).-SOLICITUDE DAS A.VV. CRISTO DA VICTORIA DE COIA DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR O “XXVII EDICIÓN DO MEDIO MARATÓN POPULAR DE COIA” DENDE A RÚA REDONDELA ATA A AVDA. DE SAMIL, O 22.05.05.EXPTE. 5247/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da A.VV. Cristo da Victoria de Coia e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.04.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a A.VV. Cristo da Victoria de Coia a celebrar o vindeiro día 22 de maio de 2005 a XXVII edición do Medio Maratón Popular de Coia. Esta carreira, na que participaran diferentes categorías, ten a saída e chegada na rúa Redondela diante do local social da asociación de veciños, e o percorrido seguinte: rúa Redondela, avda. Castelao, pza. de América, avda. de Castelao, avda. de Europa, avda. de Samil, avda. de Europa, avda. de Castelao e chegada a rúa Redondela, o horario previsto é entre as 9:00 h. e as 14:00.

12(469).-SOLICITUDE DA EMPRESA UB CONSULTORES DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O “CAMPIONATO DE FÚTBOL ESCOLAR EN PRAIAS” NA PRAIA DO VAO O 21 E 22 DE MAIO DE 2005. EXPTE. 5231/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da empresa UB Consultores e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.04.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a empresa UB Consultores organizar os vindeiros días 20 (montaxe) 21 e 22 de maio de 2005 na praia do Vao, unha nova edición do campionato de fútbol escolar en praias. Neste evento deportivo están invitados a participar os alumnos dos colexios públicos e privados da cidade, así

como clubs deportivos, para as categorías alevín, infantil e cadete. O horario da competición será o día 21: de 9:00 h a 13:30 h. e o día 22: de 9:00 h. a 14:30 h.

13(470).-SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA VIGUÉS DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A PROBA CICLISTA “CIRCUITO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” ENTRE AS LOCALIDADES DE VIGO E A GUARDA O 14.05.05. EXPTE. 5232/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Club ciclista Vigués e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.04.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club ciclista Vigués a organizar o vindeiro día 14 de maio de 2005 a proba ciclista denominada Circuito Deputación de Pontevedra, entre as localidades de Vigo e A Guarda, polas rúas pertencentes o concello de Vigo, con saída (neutralizada) na rúa Pescadores en Bouzas as 14:00 h. e continúe polas rúas Tomas Alonso, Pz. Eugenio Fadrique, Coruña, Beiramar, Eduardo Cabello, Circunvalación Oeste, avda. Citroen, Estrada de Camposancos con dirección o termo municipal do concello de Nigrán e a A Garda, e a volta con entrada no termo municipal do concello de Vigo pola estrada de Camposancos, Avda. Citroen, circunvalación oeste dirección Bouzas, ponte de Bouzas e meta rúa Pescadores –Pz. Angel Llanos, arredor das 17:15 h.

14(471).-DEVOLUCIÓN DA FIANZA A BEBIDAS GASEOSAS DEL NOROESTE, S.A. (BEGANO, S.A.) CONSTITUÍDA CON MOTIVO DA “FÚTBOL PARK” CELEBRADO OS DÍAS 16 E 17 DE ABRIL DE 2005 EN SAMIL. EXPTE. 5245/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.04.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local que di o seguinte:

Segundo consta neste expediente o departamento de Montes, Parques e Xardíns con data 9 de marzo de 2005 impuxo un aval de 1.200,00 € a empresa Begano, S.A. para responder da limpeza da pista de patinaxe de Samil, con motivo da celebración na mesma da actividade ludico-deportiva Fútbol Park os días 16 e 17 de abril de 2005.

O día 26 de abril de 2005 o Enxeñeiro de Montes Rafael Laje Veiga emite informe no que dí que non existe inconveniente en proceder a devolución de dito aval.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a devolución da fianza de 1.200,00 €. a Bebidas Gaseosas del Noroeste, S.A. (Begano, S.A.) imposta polo departamento de Montes, Parques e Xardíns para responder da limpeza da pista de patinaxe de Samil, con motivo da celebración na mesma da actividade ludico-deportiva Fútbol Park os días 16 e 17 de abril de 2005.

Data:30/03/2005.

Núm. Operación: 200500014270.

Tipo de operación: OIF

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(472).-RELACIÓN DE NOVAS OBRAS PARA DESENVOLVER NO PROGRAMA BIAL NO MES DE MAIO. EXPTE. 3153/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 5.05.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O pasado día 21/02/05, a Xunta de Goberno Local aprobou as obras e servizos (expte. 3022/077) coas que arrancou o programa o BIAL o primeiro día de traballo dos beneficiarios, unha vez rematada a súa formación inicial o pasado día 18 de febreiro. Con posterioridade, no expte 3053/077, recóllense as actuacións con inicio previsto no mes de marzo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 14/03/05. No expte. 3097/077 recóllense as actuacións do programa Bial iniciadas no mes de abril, aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 25/04/05. Achéganse copias das correspondentes certificacións destes acordos.

Para continuar co desenvolvemento normal do programa, propóñense novas obras, con inicio previsto ó longo deste mes de maio, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Esta proposta de obras é o resultado do procedemento establecido, seguindo instrucións da Concelleira de Promoción económica e desenvolvemento local, no sentido de recoller as solicitudes dos distintos departamentos, mediante as correspondentes reunións mensuais cos responsables técnicos dos departamentos interesados, fundamentalmente das áreas de servizos xerais e de medio ambiente. O procedemento establecido indicaba tamén a necesidade de dar conta, mensualmente, á Xunta de Goberno Local do estado e características das obras realizadas e rematadas, polo que no presente expediente achégase informe do equipo técnico nese sentido.

A selección destas obras está baseada no plan formativo iniciado para a 1ª quenda de beneficiarios do BIAL e nas solicitudes dos distintos departamentos. Inténtase facer traballos de ampla diversidade, e de todavía relativa sinxeleza na súa execución, para o asentamento dos coñecementos que os beneficiarios están poñendo en práctica nas súas tarefas cotidiás. Engadir que, por suposto, este criterio primordial de selección das obras e servizos a realizar polo programa está en equilibrio coas prioridades nas peticións que manifestan os distintos departamentos do Concello.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- Aprobar a programación das novas obras incluídas no presente expediente (Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa) para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de maio.*

Acordo

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co precedente informe-proposta acorda:

Aprobar a programación das novas obras que de seguido se transcriben, para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de maio.

ANEXO DE OBRAS PROPOSTAS POLO EQUIPO TÉCNICO DO PROGRAMA

De acordo coas xuntanzas mantidas e as peticións dos distintos departamentos, dende o programa BIAL propomos iniciar no mes de maio as seguintes obras:

- *Reparación dos vados de vehículos dos números 1 e 3 da rúa Manuel de Castro.*
Esta obra preveuse iniciar no pasado mes de abril, pero por mor de reforzar a brigada que está na pista deportiva xunto o Instituto do Castro e da chuvia, escomenzarase o próximo día 11 deste mes.
Para a execución desta obra hai que levantar tódolos adoquíns para poñer uns novos doutras características e deixar todo ben nivelado para evitar mais accidentes nesta zona.
Tempo estimado de execución: 2 semanas (11/05/05 – sempre e cando se dispoña do adoquín necesario; de non ser así, reforzaríase o equipo do aparcamentos de Samil).
Departamento solicitante: Vías e Obras.
- *Modificación da isleta de acceso ao estacionamento da Estación de Ferrocarril.*
Redeseño e reconstrucción desta isleta para a mellora do acceso dos vehículos ao estacionamento da Estación.
Tempo estimado de execución: 2 semanas (09/05/05).
Departamento solicitante: Vías e Obras.
- *Reconstrucción e acondicionamento da baranda da Praza da Estación..*
Rehabilitación e acondicionamento desta baranda na Praza da Estación.
Tempo estimado de execución: 7 semanas (18/05/05).
Departamento solicitante: Vías e Obras.
- *Modificación de beirarrúas, construción de rampa e reposición de pavimento en zona axardinada na rúa Cangas.*
Recuperación das antigas beirarrúas desta rúa, construción dunha rampa para unir dos niveis distintos de beirarrúa e reposición dunha pequena zona axardinada para completar a beirarrúa existente.
Tempo estimado de execución: 2 semanas (09/05/05).
Departamento solicitante: Vías e Obras.
- *Reparación da escalinata que une Vía Norte-Praza de Estación.*
Para levar a cabo a remodelación destas escaleiras é necesario sacar tramos de pedra en mal estado e substituilos por outros novos feitos a medida.
Tempo estimado de execución: 3,5 semanas (10/05/05).
Departamento solicitante: Vías e Obras.
- *Construcción de gabias e rebaixes de beirarrúas nos accesos dos estacionamentos da praia de Samil.*
Construcción de rebaixes de beirarrúas que permitan o acceso e a saída de vehículos a estes aparcamentos e construción de gabias para a recollida de augas pluviais.
Tempo estimado de execución: 7 semanas (09/05/05).
Departamento solicitante: Vías e Obras.
- *Obras de acondicionamento dun parque infantil nas inmediacións da praia de Fontoura.*
Construcción dun parque infantil, recolocación de pedras na rampa existente cara o mar e reacondicionamento do humidal con xabre e instalación de tubería de drenaxe.
Tempo estimado de execución: 6 semanas. A data de inicio depende da autorización de Costas.
Departamento solicitante: Parque e Xardíns.
- *Pavimentado de: Cño. Lagos e Gondomar (2º tramo) en Candeán; rúa Carballal en Cabral; Cño. Pimpín en Teis; e, Fonte Oscura en Barreiro-Lavadores. Continuación co bacheo.*
Departamento solicitante: Vías e Obras.
- *Cambio do tendido eléctrico do alumeadado público e de lámpadas na parroquia de Teis.*
Tempo estimado de execución: 2,5 meses.
Departamento solicitante: Electromecánicos.

16(473).-REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 17263/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 20.04.05, conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

Polo servizo de Animación Socio- Cultural e Festas, remítese expediente de contratación do servizo da Escola Municipal de Danza, para que se formule proposta de revisión de prezos do contrato.

A contratación do servizo da Escola Municipal de Danza foi adjudicado a D. Wenceslao cabezas del Toro, por acordo da Comisión de Goberno deste Concello en sesión celebrada o 28 de xaneiro de 2002, fixándose o prezo contractual na cantidade de 89.416,30 euros/ano.

Na Xunta Local de Goberno do Concello en data 14 de febreiro de 2005, aprobouse a segunda prorroga do contrato polo periodo comprendido entre o 1 de marzo de 2006 ó 1 de marzo de 2006.

A posibilidade de revisión de prezos, aparece recollida na cláusula 3ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron a contrataciónn (C.G. de 26 de novembro de 2001), que textualmente recolle o seguinte:

“A revisión de prezos terá lugar transcurrido un ano da execución do contrato..., as seguintes revisións do contrato recollerán a variación do IPC que medie entre a data da última revisión (neste caso con efectos de 28 de febreiro de 2003), e a data para que se propón a revisión do prezo do contrato”.

A última revisión do prezo do contrato foi aprobada na Comisión de Goberno de data 12 de xullo de 2004, con efectos dende 1 de marzo de 2003, e na que se estableceu un prezo do contrato revisado de 94.763,21 euros/ano.

A vista do exposto anteriormente a este prezo revisado aplicaráselle o incremento do IPC do periodo febreiro 2004/2005, que segundo datos obtido do INE foi do 3,3%, e obteríase o prezo revisado a partir do 1 de marzo de 2005, ascendendo éste a 97.890,40 euros.

Polo exposto anteriormente proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo

Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo da Escola Municipal de Danza, adjudicado a D. Wenceslao Cabezas del Toro, por acordo da Comisión de Goberno do Concello de Vigo de data 28 de xaneiro de 2002, fixando o prezo contractual para o período marzo 2005/2006 na cantidade de 97.890,40 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a revisión de prezos segundo a proposta contida no precedente informe.

17(474).-PRÓRROGA DE CONTRATO DE ARRENDAMENTO SUBSCRITO CON “LA FE, SEGUROS S.A.” DO EDIFICIO DA RÚA ELDUAYEN, 36. EXPTE. 17250/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 19.04.05, conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, deste Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 9 de agosto de 2004, acordou suscribir un contrato de arrendamento, no inmovible situado na rúa elduayen nº 36, composto por catro plantas, baixo e catro semisotos, para dedicalo a actividades de información a sociedade, ou calesquera outras actividades e usos de carácter socio- cultural, na actualidade e segundos distintos convenios subscritos entre a Alcaldía deste Concello e distintas entidades, como son: Telefónica, instituto de Estudios Vigueses, Consulado de Argentina etc.

Segundo se dipón na cláusula segunda do contrato de arrendamento subscrito entre o Concello e “la Fe, Seguros,S.A.”, o prazo do contrato fíxose por un ano, contado a partir do 1 de agosto de 2004, prorrogable por outra anualidade mediante acordo expreso da Xunta local de Goberno comunicado o arrendador con tres meses antes de antelación o vencemento do prazo contractual.

Por parte da Alcaldía deste Concello, en data 15 de abril de 2005, informase favorablemente sobre a conveniencia de efectuar dita prorroga, xa que en dito inmovible continúanse realizando as mesmas actividades que no seu día motivaron a contratación.

Polo exposto, propónse a Xunta local de Goberno deste Concello, previo informe da intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo

Prorrogar o contrato de aluguer subscrito entre o Concello de Vigo e la Fe, Seguros, do inmovible situado na rúa elduayen 36, composto por catro plantas, baixo e semisotos, polo periodo comprendido entre o 1 de agosto de 2005 e o 1 de agosto de 2006, sendo o prezo trimestral de arrendamento o de 50.667,05 euros, correspondendo tamén o Concello os gastos de luz e mantemento de ascensores e extintores.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba prorrogar o contrato de aluguer tal e como se recolle na proposta contida no precedente informe.

18(475).- AMPLIACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS ADXUDICADO A LIMPEZAS DEL NOROESTE S.A.. EXPTE. 17264/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 20.04.05, conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

Mediante resolución do Ilmo. Sr. Alcalde, de data 30 de agosto de 2001, acordouse adxudicar o servizo de limpeza de escolas e colexios públicos de Vigo a empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, dita adxudicación realizouse polo prezo de 279.750.000 pts./ano (1.681.331,36 euros), e en prazo de dous anos.

Por parte do servizo de Educación deste Concello, remiten proposta de ampliación do prezo do contrato, por aumento de superficie no C.E.I.P. Doutor Fleming, da documentación que consta no expediente dedúcese que o incremento en m2 producido en dito centro é o seguinte:

- Zoas acristaladas 155,36 m2.
- Servizos hixiénicos..... 168,90 m2.
- Aulas e ximnasios.....1.799,08 m2.
- Patios.....1.600,00 m2

Dito incremento encontrase informado favorablemente pola Xefa do servizo de educación, informando que a superficie total excede do 5% da superficie total do centro, requisito este último indispensable para que proceda a revisión de prezos.

No prego de condicións que rexeu dita contratatación, a efectos de ampliación/reducción de superficies a limpiar obxecto do contrato, solicitábase no apartado “Revisión de prezos”, que o licitador debería propoñer o prezo hora/m2 das superficies a limpar, sendo a proposta de Linorsa, a prezos actualizados da presente anualidade, a seguinte:

- Zonas acristaladas..... 0,92 euros/m2*
- Servizos hixienicos..... 0,22 euros/m2*
- Aulas e ximnasios..... 0,07 euros/m2*
- Zonas abertas con pavimento..... 0,02 euros/m2*

Unha vez feitos os cálculos oportunos segundo os datos mencionados nos apartados anteriores, o coste total da ampliación ascende a 73.239,80 euros/mes.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local deste Concello, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo

Aprobar a ampliación do contrato do servizo de limpeza de escolas públicas e colexios de Vigo, adjudicado a empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por resolución do alcalde de data 30 de agosto de 2001, debido a ampliación do obxecto do contrato por aumento de novas superficies a limpar na Escola Infantil carne Giraldez, ascendendo o coste de dita ampliación a cantidade de 73.239,80 euros/ano, ive engadido.

O prezo anual do contrato, tendo en conta esta ampliación, quedaría fixado na cantidade de 1.932.282,11 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a ampliación do contrato do servizo de limpeza de escolas públicas e colexios de Vigo, tal e como se recolle na proposta contida no precedente informe.

19(476).- RECLAMACIÓNS DE DANOS:

a) JUAN C. NOGUEIRA CALVAR. EXPTE. 13689/240. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 4.03.05, en relación coa reclamación de D. Juan Carlos Nogueira Calvar por danos producidos no seu vehículo ao pasar por riba dun sumidoiro, visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 18.04.05, e de acordo co informe proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 28.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Juan Carlos Nogueira Calvar, en nome e representación da empresa Montajes Jomasa, ao non resultar probado o nexos causal entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

b) AMPARO MARTÍNEZ JORGE. EXPTE. 128/243. ESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 4.03.05, en relación coa reclamación de Dª Amparo Martínez Jorge por danos producidos por unha caída ao tropezar cunhas lousetas que se atopaban levantadas, visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 13.03.05, e de acordo co informe proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 20.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar a reclamación interposta por dona Amparo Martínez Jorge por corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público, e indemnizála coa cantidade de 1.738, 54 euros.”

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

20(477).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. DIEGO PENA RODRÍGUEZ CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 31.12.04 ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. EXPTE.15312/240. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 31.03.05, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Don Diego Pena Rodriguez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de Xaneiro de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno de data 13 de decembro de 2004, no que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polo Sr. Pena Rodríguez en data 19 de setembro de 2002 polos danos sufridos a consecuencia dun accidente de tráfico causado por unha mancha de gasoil na calzada.

O Sr. Pena alega no seu escrito de recurso que na resolución recorrida non se ten en conta para a cuantificación da indemnización, os días de baixa impositiva que constan no informe médico do Dr. José M. Pérez Felpeio achegado ó expediente, e reclama que se lle aboe a cantidade correspondente os días de baixa que constan neste informe médico.

Para fixar a indemnización de danos e perdas tense en conta os partes de baixa e alta por incapacidade temporal emitidos polo médico do Sergas e dado que no parte de alta non consta ningunha observación respecto a secuelas ou necesidade de rehabilitación, non pode ser tido en conta un informe médico dun centro clínico privado de recuperación funcional, de data 7 de xullo de 2003, posterior en máis dun ano da data de alta médica (o recorrente foi dado de alta en 9 de abril de 2002) e sen constar no expediente ningún outro parte médico que xustifique a permanencia das lesións con posterioridade a data de alta.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Don Diego Pena Rodriguez mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(478).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DA. CONCEPCIÓN MARTÍNEZ ALVAREZ CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 31.12.04 ESTIMATORIO DE RECLAMACION DE DANOS. EXPTE.16411/240 DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 31.03.05, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Dona María de la Concepción Martínez Álvarez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de Marzo de 2005, interpon recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno de data 31 de xaneiro de 2005, no que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola Sra. Martínez Álvarez, en representación da súa filla Dona Claudia López Martínez incapacitada xudicialmente, en data 14 de Xullo de 2003.

A Sra. Martínez Álvarez mostra no seu escrito de recurso a súa disconformidade coa indemnización satisfeita por esta Administración que non se corresponde coa realidade dos gastos que lle ocasionou a caída da súa filla, e reclama o aboamento da cantidade satisfeita a una terceira persoa contratada para axudar ó coidado de Dona Claudia durante o período de convalecencia das súas lesións, máis na Lei 30/1995, de 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos Seguros Privados, utilizada para a valoración dos danos non se prevé o pagamento dos gastos de asistencia domiciliaria agás nos casos de altas puntuacións (grandes inválidos), circunstancia que non concorre neste caso.

Por outra banda, a recorrente fai referencia a que a indemnización fixada na resolución obxeto do presente recurso non se correspnde coa fixada no informe da asesoría médica do Concello, xa que non se aboa a cantidade fixada neste informe en concepto de factor de corrección de ingresos por idade laboral da vítima, cúa aplicación neste caso non procede ó estar incapacitada por sentenza xudicial Dona Claudia, e non poder desenrolar traballo algún.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dona M^a Concepción Martínez Alvarez, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(479).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAV
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0513627	3.000,00	2.872,74	127,26	
BERNARDEZ GIL SELA	0506599	12.000,00	11.987,29	12,91	
COSTAS FERNANDEZ BASILIO	0501029	180,30	176,20	4,10	
ESPADA RECAREY LUIS	0503288	1.000,00	1.094,81		94,81
FERNANEZ FERNANDEZ PAZ	0514039	36,66	36,66		
“	0514038	93,12	93,12		
LOPEZ CUESTA ISABEL	0514035	113,89	101,00	12,89	
“	0514037	33,66	33,66		
LOPEZ MOURE JESUS	0515020	3.480,00	3.480,00		
“	0515184	221,02	200,22	20,80	
OJEA PEREZ RAFAEL	0514383	2.163,00	2.163,00		
“	0512006	34,40	34,40		
ORDONEZ PEREZ CARLOS	0512004	116,00	116,00		
ROCHA PARAMES CESAREO	0512503	300,00	359,51		59,51
SANLUIS COSTAS AVELINO	0513927	8.700,00	8.594,52	105,48	
“	0513462	15.747,96	15.747,96		
“	0503205	4.000,00	3.963,83	36,17	
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0514034	113,89	101,00	12,89	
“	0514033	46,56	46,56		
SOUTO GONZALEZ MARTA	0504305	200,00	246,79		46,79
TOTAL			51.449,27		

23(480).-GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE MAIO DE 2005.

Visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 28.02.05, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar os gastos de locomoción do persoal municipal, para incluír na nómina do mes de marzo do 2005, que de seguido se detallan:

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
1210	Conserxería	2.058,70
1211	Persoal	6,12
1212	Parque Móbil	238
1216	Patrimonio	187,34
2220	Seguridade	688,16
3130	Benestar Social	31,88
4130	Sanidade	121,04
4220	Educación	645,04
4324	Electromecánicos	142,97
4326	Montes, Parques e Xardíns	115,77
4430	Cemiterios	118,32
4513	Museos	81,26

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
5110	Vías e Obras	3.052,63
5111	Infraestructuras	360,61
TOTAL		7.847,84

24(481).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUNHA DESBROZADORA PARA O SERVIZO DO PARQUE MÓBIL.EXPTE. 3364/445

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do Parque Móbil, o informe do titular da Asesoría Xurídica, do 15.04.05, o prego de condicións administrativas asinado polo xefe administrativo do Servizo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, de data 21.04.05 e de acordo co informe proposta do devandito xefe administrativo e o asesor xurídico do área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área, o xefe do Parque Móbil e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o procedemento de negociado sin publicidade para a selección do adxudicatario do subministro duna máquina desbrozadora para o servizo de Parque Móbil dacordo co previsto no artigo 182.a da LCAP

2º.- Autorizar o gasto de 17.500,00 euros para a adquisición dun vehículo furgón para o servizo de Parque Mobil con cargo á partida 121.2.623.00.01 do presuposto do 2005.

3º.- Iniciar o procedemento de negociación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A xunta de goberno local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

25(482).-MODIFICACIÓNS NO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA PRAZA DE COMPOSTELA. EXPTE. 11246/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta dos enxeñeiros directores de obra do Proxecto de humanización do entorno da Praza de Compostela, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 11 de outubro do 2004, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Humanización das rúas do entorno da Praza de Compostela, expediente 42.574/250, o cal foi remitido posteriormente o Consorcio da Zona Franca para a súa licitación segundo o recollido no convenio entre o Concello de Vigo e o Consorcio

para o desenvolvemento do programa "Vigo 2005", sendo adxudicadas as obras á empresa Necso Entrecanales y Cubiertas, S.A. en data 18 de febreiro pasado por un importe de 5.544.352,14 _ (IVE engadido).

Con data 20 do mes de febreiro do 2005, asíñase a "Acta de Replanteo" das obras, comezándose éstas a continuación.

Iniciada a 1ª fase das obras con ámbito de actuación sobre as rúas Luis Taboada, Compostela Norte, García Olloqui, Emilio Castelar, Pablo Morillo e Concepción Arenal, a dirección de obra, formada polos técnicos que subscriben considera convinte a introducción de modificacións sobre o proxecto base nos seguintes apartados:

1º.- Rasantes transversais

Respetaranse as entradas actuais dos edificios. Polo tanto, este criterio obriga a definir rúa a rúa as rasantes transversais.

Así como nas rúas peonís mantense a nivel (rasante transversal) a beirarrúa e a calzada, nas zonas de tráfico manterase un desnivel entre ambas de 6 cm.

2º.- Sección de firmes e perfís

Tendo en conta os informes que se achegan da Oficina de Seguridade, circulación e Transportes e do técnico da Oficina de Supervisión de Proxectos, modifícanse as seccións de firmes, inferiores á rodadura de adoquíns ou losas de granito, definidas no proxecto de adxudicación, conforme ao seguinte esquema:

VIA TIPO	SOLUCIÓN SEGÚN PROXECTO DE ADXUDICACIÓN	NOVA DEFINICIÓN
A	25 cm. Formigón compactado 20 cm Chan cemento 20 cm. Zahorra artificial	32 cm. de Formigón Masa 20 30 cm de Zahorra artificial
B	20 cm. Formigón compactado 20 cm Chan cemento 20 cm. Zahorra artificial	27 cm. de Formigón Masa 20 30 cm de Zahorra artificial
C	20 cm. de Formigón Masa 20 20 cm de Zahorra artificial	20 cm. de Formigón Masa 20 20 cm de Zahorra artificial
D	15 cm. de Formigón Masa 20 15 cm de Zahorra artificial	12 cm. de Formigón Masa 20 Regularización de Zahorra artificial

A excepción da rúa García Olloqui que se mantén sin a demolición do firme actual e a rúa Concepción Arenal que estará composta por 18 cm. de formigón HF-45, 15 cm. de formigón magro e 20 cm. de zahorra artificial.

A este respecto, caracterizarase a explanada de cada rúa a través do correspondente ensaio. No caso de obter explanada de maior capacidade portante que a E-1 indicadada no proxecto de adxudicación, non se terá en conta para minimizar a sección do firme.

Como criterio de compactación, debido ás edificacións existentes, adóptase como norma xeral considerar como aceptable densidades que cumplan o 95% da máxima deducida do Proctor Normal para cada terreo caracterizado de cada rúa.

4º.- Abastecemento e Saneamento

Realizadas as catas oportunas, confírmase que a tubería de abastecemento cun diámetro de 500 mm. que discorre entre a rúa García Olloqui e Concepción Arenal é de fundición, polo que decídese non substituír a mesma.

Á vista da información aportada por Aqualia nos seus informes de data 4 de marzo e 30 de abril de 2005, relativa a auscultación dos colectores de saneamento correspondentes ás rúas que integran a primeira fase, decidiuse:

1. Non substituír os colectores existentes.
2. Acometer, ante todo por medios mecánicos e subsidiariamente con medios humanos, a limpeza de aqueles colectores que estén cegados.
3. Repoñer as antigas acometidas de ladrillo e/ou aquelas que se atopen en mal estado.
4. Impermeabilizar e/ou revestir aqueles puntos nos que a gabia existente esté danada.
5. Repoñer os pozos de rexistro, dende a cota superior da gabia ata o pavimento.
6. Facer novos pozos de rexistro para conectar acometidas particulares. Solicítase que se “rexunten” os puntos das acometidas domiciliarias que entroncan directamente coas gabias.

5º.- Semaforización.

Suprímese o semáforo previsto no proxecto no cruce da rúa Concepción Arenal con Luis Taboada, ao convertirse o tráfico desta rúa para uso exclusivo de residentes.

Así mesmo e seguindo instrucións do equipo de goberno e conformidade dos voceiros dos distintos grupos políticos, recóllense as seguintes modificacións sobre o proxecto base:

1º.- Bolardos

Suprímense os 1.978 bolardos esféricos de granito gris alba que integran o orzamento do proxecto base.

2º.- Bancos

Suprímense os 58 bancos de madeira e fundición, modelo BARCINO, que integran o orzamento do proxecto base.

3º.- Papeleiras

As 57 papeleiras modelo OTTO STRADA 80 L do proxecto de adxudicación, substitúense polo modelo BELLUGA 60 L da firma FUNDICIÓN DÚCTIL BENITO.

4º.- Farolas

Substitúense as 81 farolas tipo CIDADE con luminarias modelo ELLIPSE, pola tipo FERNANDO VII.

A distancia de separación foi definida en 20 metros entre farolas dunha mesma beirarrúa, sendo colocadas ao tresbolillo no conxunto de cada rúa. Non obstante, replantearase en obra a ubicación da cada unha, xa que a coincidencia de entradas a garaxes, arquetas existentes e outras particularidades poden modificar a distancia e incluso a alineación.

5º.- *Illas ecolóxicas*

Tendo en conta o convenio existente entre o Concello de Vigo e a Consellería de Medio Ambiente relativo ao subministro e instalación de 14 illas ecolóxicas soterradas, aínda que é unha actuación ao marxe do proxecto de adxudicación, estudarase poder executar a obra civil das 9 illas ecolóxicas que corresponden á primeira fase da obra, en función do prazo, a súa ubicación, dimensións, número e afección de servizos.

6º.- *Beirarrúas Praza de Compostela*

As beirarrúas que conforman o contorno dos xardíns da Praza de Compostela, están fora do ámbito do proxecto base, non obstante acórdase a substitución destas por outras semellantes ás definidas no proxecto con losas de granito gris alba, a medida que se vaian executando os viais adxacentes.

7º.- *Pavimentación*

Substitúese o pavimento, tanto en losas como en adoquíns, tipo GRIS MONDARIZ polo GRIS ALBA ou BLANCO MERA, variedade similar á anterior pero de maior dureza polo que irá destinado ás zonas de rodadura.

Os adoquíns de calzada serán cadrados, cunha sección de de 14 x 14 cm., un espesor de 12 cm. e acabado superficial flameado.

Suprímese a peza triangular de granito AZUL PLATINO que conforma o banco da xardineira curva, manténdose o resto do conxunto tal como se define no proxecto base.

8º.- *Arbolado*

Das 434 plantacións que se presupostan no proxecto de adxudicación como camelias, unicamente se manteñen 86 unidades, sustituíndose as restantes por 200 palmeiras e 46 naranxos, ubicados da seguinte maneira:

- ✓ *Laranxos*
Rúa Carral
- ✓ *Palmeiras*
Rúas García Olloqui, Victoria, Concepción Arenal, Colón, Marqués de Valladares, Velázquez Moreno e Reconquista.
- ✓ *Camelias*
Rúas Luis Taboada, Castelar e Pablo Morillo.

Os alcorques das plantacións quedarán rodeados por recercados de pedra cuxas características de cor e acabado quedan pendentes de definir. Así mesmo, instalaranse dous focos en cada alcorque para a iluminación dos árbores sustituíndose a correspondente reixa definida no proxecto por 5 cm de area.

Das plantacións existentes, unicamente se manteñen os castaños de indias da beirarrúa norte da rúa Compostela.

A dirección de obra considera que non existe inconvinte algún en acceder ao solicitado xa que desde o punto de vista técnico, non inflúe nas características constructivas da obra.

Por todo o anteriormente exposto, faise a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Autorizar as modificacións sobre o proxecto base indicadas, tanto as xustificadas por motivos técnicos como as acordadas entre o equipo de goberno e os voceiros dos distintos grupos políticos, modificacións que serán recollidas no proxecto modificado nº 1 que se redactará aos efectos legais oportunos sin que a cuantía do mesmo supere o 20% do presuposto de adxudicación de acordo co establecido no R.D.L. 2/2000, polo que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(483).-PROPOSTA DE APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO “REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS EN DISTINTAS ZONAS DA CIDADE”. EXPTE. 69/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 5.05.05, conformado polo concelleiro de Servizos Xerais, que di o seguinte:

O proxecto "Reparación de beirarrúas en distintas zonas da cidade", foi redactado pola Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, e subscrito polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. Jorge Muñoz Rama, en Abril de 2005

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias de reparación de beirarrúas en distintas zonas da cidade, asimilando os acabados e alineacións de acordo co entorno da propia zona.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 211.046,00 € (DOUSCENTOS ONCE MIL CUARENTA E SEIS EUROS).

O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto sómétese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto de "Reparación de beirarrúas en distintas zonas da cidade" cun presuposto base de licitación de 211.046,00 € (DOUSCENTOS ONCE MIL CUARENTA E SEIS EUROS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(484).- PROPOSTA DE APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALFONSO X EL SABIO”. EXPTE. 67/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 5.05.05, conformado polo concelleiro de Servizos Xerais, que di o seguinte:

O proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA AFONSO X EL SABIO", foi redactado pola Ingxeñería Planes Estratégicos Territoriais de Transportes y Ambientais, PETTRA, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Santiago López Fontán en abril de 2005

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para la humanización da mencionada rúa, asimilando os acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 90.000,00 € (NOVENTA MIL EUROS).

O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto de "Humanización da rúa Alfonso X El Sabio" cun presuposto base de licitación de 90.000,00 € (NOVENTA MIL EUROS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(485).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO, FASE 1ª. EXPTE. 44412/250/05.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe complementario do prego de prescricións técnicas do Proxecto de remodelación de beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo, fase 1, asinado polo coordinador de Área dos Servizos Xerais, de data 30.03.05, o informe xurídico do 25.04.05, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de ditas obras, do 26.04.05, asinado polo xefe Administrativo e o asesor xurídico de Vías e Obras , do 26.04.05, e de acordo co informe-proposta xefe Administrativo e o asesor xurídico de Vías e Obras, do 26.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescripci3ns t3cnicas para o contrato das obras do “ Proxecto de Remodelaci3n de beirarr3as da Trvs3a de Vigo, Fase 1ª ”.

2º.- Aprobar o prego de condici3ns administrativas particulares elaborado pola 3rea de Servicios Xerais con data 16 de febreiro do 2005 para a contrataci3n polo procedemento de concurso das obras do “ Proxecto de Remodelaci3n de beirarr3as da Traves3a de Vigo, Fase 1ª ”.

3º.- Autorizar o gasto para a contrataci3n das obras do do “ Proxecto de Remodelaci3n de beirarr3as da Traves3a de Vigo, Fase 1ª ” con cargo 3 partida 511.0.611.00.01 do presuposto do 2005 e por un importe m3ximo de 790.829,23 €

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selecci3n do contratista na forma prevista na lexislaci3n vixente.

29(486).-PR3RROGA DO CONTRATO DE ALUGUER DO INMOBLE DA ESTRADA DO VAO N3 151. EXPTE. 3157/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar f3ra da orde do d3a.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervenci3n Xeral de 9.05.05, d3ase conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 6.05.05, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

Para o desenvolvemento de actividades de formaci3n para o emprego no 3mbito das profesi3ns relacionadas coa construcci3n naval (carpinter3a de ribeira e novas t3cnicas de construcci3n naval) as3 como daquelas relacionadas coa promoci3n de actividades n3uticas turistico-deportivas, o Concello de Vigo alugou o inmoble sito na Estrada do Vao n3 151, propiedade da Comunidade de Herederos de Adolfo Abra3n Domingo.

O contrato de aluguer (expte. 601/077) foi asinado o 13/11/00, con vixencia no periodo 15/11/00–15/05/02 e, segundo a s3a cl3usula Segunda, ser3 “prorrogable por un m3ximo de cinco anos, sempre que as partes o acorden”. Complementariamente, a cl3usula Terceira d3 “De executarse as pr3rrogas, o importe da renda actualizariase anualmente co 3ndice de Prezos 3 Consumo (IPC) que regulamentariamente se estableza” (ach3gase copia do contrato de arrendamento e da certificaci3n do acordo da Comisi3n de Goberno municipal).

Deste xeito, no expediente 1237/077 rec3llense as actuacións correspondentes 3 pr3rroga efectuada no periodo comprendido entre 16/05/02-15/05/03, no 1658/077 as relativas 3 pr3rroga do periodo 16/05/03-15/05/04 e no 2288/077 as do periodo 16/05/04-15/05/05 (ach3ganse no expediente copias das certificaci3ns dos correspondentes acordos de Comisi3n de Goberno e Xunta de Goberno Local).

Unha vez manifestada pola propiedade a s3a vontade de prorrogar cando menos un ano m3is a relaci3n co Concello de Vigo no referido ao aluguer do inmoble sito na Estrada do Vao n3 151 nas condici3ns indicadas no contrato de arrendamento (ach3gase copia do escrito remitido polo representante da propiedade nese sentido), e toda vez que esta infraestrutura permitir3 continuar co desenvolvemento de acci3ns de fomento do

emprego e da actividade económica no ámbito das profesións relacionadas co mundo do mar (nomeadamente do actual proxecto Escola obradoiro “Mar de Vigo 2” e do posible Escola obradoiro “Mar de Vigo 3”, entre outras), dende esta Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego enténdese que é necesario e posible prorrogar o citado contrato de arrendamento por un novo periodo dun ano.

Deste xeito, a prórroga do contrato tería vixencia de UN ANO (dende o 15/05/05 ata o 15/05/06) e o seu custo mensual, para este periodo, unha vez actualizado o importe en base ó IPC establecido (achégase documentación da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vigo na que se establece o incremento do IPC no periodo considerado nun 3,4 %), será de 2.340,48 €, IVE incluído.

Para o ano 2005 (do 16 de maio ao 31 de decembro, 7 meses e medio en total), o importe deste arrendamento será, pois, de 17.553,60 €, que serán aplicables á partida 3220 202 0000 “Aluguer de inmobles”, do vixente presuposto.

En consecuencia, á vista do exposto e da demáis documentación obrante no expediente de referencia, proponse á Xunta de Goberno Local aprobar o seguinte:

- Aprobar a prórroga do contrato de aluguer do inmovible situado na Estrada do Vao nº 151 desta cidade, do que é propietaria a "Comunidad de Herederos de Adolfo Abraín Domingo", con CIF G36746527, representada por D Adolfo S. Abraín de Castro, con NIF 00.704.989-Q. As condicións esenciais desta prórroga son as que seguen: A duración da prórroga do contrato será de un ano a partir do 15/05/2005, sendo o prezo do aluguer que deberá satisfacer o Concello de Vigo á propiedade de 2.340,48 euros/mes (IVE incluído).*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a prórroga do contrato de aluguer do inmovible situado na Estrada do Vao nº 151 desta cidade, tal e como se recolle na proposta contida no precedente informe.

30(487).-EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA EXPOSICIÓN “THE ROLLING STONES, 40 ANOS” QUE SE REALIZARÁ ENTRE OS DÍAS 3 E 28 DE XUÑO NA CASA DAS ARTES. EXPTE. 1551/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.05.05 e de acordo co informe-proposta do responsable de exposicións e director do Museo municipal “Quiñones de León”, do 26.04.05, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, da exposición “The Rolling Stones, 40 anos”, a realizar entre os días 3 e 28 de xuño, na Casa das Artes dentro da programación de exposicións da concellería de Cultura de 2005.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 37.423,92 € con cargo á partida 45102260801 relativa a exposicións do presuposto da Concellería de Cultura de 2005, en concepto de cotnratación da referida exposición e que se aboará á promotora Elena Fernández Vispo, NIF 44.455.083 Q.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación Museo municipal Quiñones de León 2080 0000 7700 40284660.

PROXECTO DE CONTRATO DA EXPOSICION

“The Rolling Stones, 40 años. Colección Jordi Tardà”

Vigo, o de maio de dous mil cinco.

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE CULTURA e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte Dna ELENA FERNÁNDEZ VISPO, promotora de proxectos culturais, N.I.F. nº 44.455.083-Q, con enderezo na rúa Juan XXIII, número 4, piso 4º, puerta derecha, da cidade de Ourense, CP 32003; no sucesivo A PROMOTORA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á PROMOTORA unha exposición denominada “The Rolling Stones, 40 años. Colección Jordi Tardà”, no sucesivo a exposición, entre os días 1 ó 30 de xuño de 2005, que inaugurarse o venres 3 de xuño, ás 20.30 horas, no recinto denominado Casa das Artes de Vigo, situado na rúa Policarpo Sanz nº 15, de Vigo, formada, como mínimo, polos elementos que figuran relacionados no ANEXO.

A exposición desenvolverase conforme o seguinte calendario:

Montaxe: 1, 2 e 3 de xuño

Inauguración: 3 de xuño.

Clausura: 28 de xuño.

Desmontaxe: 29 e 30 de xuño.

E nos seguintes horarios:

Montaxe e desmontaxe: 9 – 22 horas

Inauguración: 20.30 horas

Exposición: luns-venres: 18 – 21.30 horas

Sábados: 11 – 14 horas

18 – 21.30 horas

Doming. e fest.: 11 – 14 horas

A PROMOTORA comprométese a non realizar a exposición dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da PROMOTORA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A PROMOTORA percibirá unha retribución de 32.262,00 euros máis o 16% de IVE, o que fai un total de 37.423,92 € (TRINTA E SETE MIL CATROCENTOS VINTETRES CON NOVENTA E DOUS CENTIMOS), en concepto da realización da exposición; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización da exposición, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma:

Un primeiro prazo do 50 %, por importe total de dezaoito mil setecentos once con noventa e seis céntimos (18.711,96) €, no momento da entrega da exposición na Casa das Artes; un segundo prazo do restante 50 %, por importe de dezaoito mil setecentos once con noventa e seis céntimos (18.711,96) €, momentos despois de desmontada a exposición e retirada do recinto expositivo. Todo elo a través da conta de habilitación MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN 2080 0000 7700 40284660; e tra-la presentación das facturas correspondentes e a conformidade coas mesmas do director do museo ou técnico municipal que corresponda.

COMPROMISOS

CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO:

+ a cesión da sala de exposicións temporais da planta baixa da Casa das Artes cos seus sistemas de seguridade, iluminación, e tomas de corrente eléctrica dispoñibles, e o seu servizo habitual de limpeza e vixilancia; todo o cal a PROMOTORA coñece e aproba.

+ a seguridade física da exposición durante o seu depósito, montaxe, exhibición e desmontaxe no recinto expositivo, durante as 24 horas, mediante personal de vixilancia municipal ou contratado; e polo sistema de seguridade existente na actualidade no recinto, coñecido e aprobado pola PROMOTORA.

+ a coordinación xeral de todos os procesos de presentación da mostra en Vigo, en colaboración coa PROMOTORA, referido especialmente á supervisión dos procesos de entrega e retirada da exposición; a súa montaxe e desmontaxe; edición do material gráfico e publicitario; a súa distribución; roldas de prensa e acto inaugural.

+ a colaboración na montaxe e desmontaxe da mostra mediante a posta a disposición da PROMOTORA de dous peóns para axuda no porteo, carga e descarga; así como un electricista para a conexión eléctrica do mobiliario expositivo.

+ A elaboración do material de difusión da exposición, gráfico e de rotulación, no que manterase sempre o título da exposición e as referencias que se fagan dos seus obxectos de xeito que só admitiranse as traducións literais idiomáticas; e para o cal a PROMOTORA facilitará imaxes e textos da exposición, sempre antes do 1 de maio de 2005 e con fines exclusivamente promocionais e para realización de materiais de carácter gratuito.

QUINTA.- Serán por conta da PROMOTORA todos os gastos e tarefas que se xeren como consecuencia desta exposición, non referidos na cláusula cuarta; en particular os de cesión temporal da exposición, que estará formada polos componentes relacionados no ANEXO; o aseguramento da exposición mediante unha póliza cravo a cravo contra todo risco; e, mediante empresas especializadas, a súa entrega e retirada do recinto; carga e descarga, montaxe e desmontaxe, embalaxe e desembalaxe.

IMAXE DA EXPOSICION

SEXTA- O CONCELLO comprométese a empregar a colección "The Rolling Stones, 40 años. Colección Jordi Tardà.", única y exclusivamente como exposición, quedando totalmente prohibido calquera outro uso non autorizado pola PROMOTORA.

SÉTIMA- O CONCELLO comprométese a non realizar ningunha copia, en ningún sistema coñecido ou por coñecer, de calquera obxecto que forme parte da exposición, sen autorización expresa da PROMOTORA.

OITAVA- O CONCELLO comprométese a poñer todos os medios ó seu alcance para evitar que a exposición sexa fotografada ou filmada, sen a autorización expresa da PROMOTORA; en particular dispoñera rotulación visible no recinto que advirta ó público desta prohibición.

DÉCIMA- O CONCELLO non poderá ceder, en ningunha forma, calquera obxecto da exposición.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á PROMOTORA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición de Vigo, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

31(488).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a sra. Presidenta rematou a sesión ás nove e vintecinco
Como secretario dou fé.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.